



**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

## **PLENO DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN** **MUNICIPAL DO 13/06/2015**

### **Concelleiros electos asistentes:**

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)  
Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)  
Dona Eva Arias Aira (PSOE)  
Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)  
Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)  
Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)  
Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)  
Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)  
Don José Pinto Álvarez (A.V.)

### **Secretario:**

D. Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, as 10:06 horas do día 13 de Xuño de 2015, no salón de actos da casa do Concello, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Vilamartín de Valdeorras, despois de ver os resultados das eleccións do día 24 de maio de 2015, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo Secretario-Interventor, que dá fe do acto.

### **- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE:**

A continuación, o Secretario da Corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, procédese a constituír a mesa de idade.

### **Artigo cento noventa e cinco:**

"1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, no suposto dos cales se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remítase a Xunta Electoral de





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

Zona.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. No caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes.”

Comprobadas polo Secretario a acreditación da personalidade de tódolos Concelleiros:

1. Don Pablo Alberto Deramond Mundaca.
2. Don Enrique Álvarez Barreiro.
3. Dona Eva Arias Aira.
4. Don Antonio Fernández Docampo.
5. Dona María Jesusa Candal Jarrín.
6. Don José Pinto Álvarez.
7. Dona Amparo Rodríguez Fernández.
8. Don Santiago Rodríguez Fernández.
9. Don Manuel Sánchez Arias.

A mesa de idade queda integrada por D. SANTIAGO RODRIGUEZ FERNANDEZ, Concelleiro de maior idade, que a preside, e por Dna. EVA ARIAS AIRA, Concelleira electa de menor idade.

**- COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO:**

Unha vez constituída a Mesa de Idade e xa que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, infórmase de que a Secretaría-Intervención puxo á disposición dos señores Concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da Corporación.

Unha vez acreditada a personalidade dos Concelleiros electos asistentes ó Pleno; e tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos,





procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

**- ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA:**

Despois de que o Secretario do Concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos Concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

**Artigo cento oito:**

8. "No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos".

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas:

«Xuro (ou prometo), pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Vilamartín de Valdeorras, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o Secretario da Corporación nomea a cada un dos Concelleiros electos, os cales len persoalmente a fórmula, manifestándose do seguinte xeito:

«Xuro ou Prometo pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado»

1. Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE): Promete.
2. Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE): Promete.
3. Dona Eva Arias Aira (PSOE): Promete.
4. Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP): Xura e Promete.
5. Don Antonio Fernández Docampo (PSOE) Xura.
6. Don José Pinto Álvarez (PP): Promete.
7. Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE): Xura e Promete.
8. Don Santiago Rodríguez Fernández (PP): Xura e Promete.





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

9. Don Manuel Sánchez Arias (PSOE): Promete.

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, ás 10:12 horas, o Presidente da mesa declara constituído o Concello de Vilamartín de Valdeorras despois das eleccións municipais do día 24 de maio de 2015.

#### **- ELECCIÓN DO ALCALDE:**

Posteriormente, o Secretario do Concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e á elección do Alcalde/sa-Presidente/a da Corporación.

#### **Artigo cento noventa e seis:**

“Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo cos seguinte procedemento:

- a. Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- b. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.
- c. Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.”

#### **a) Proclamación de candidatos á Alcaldía**

Despois disto, o Presidente da Mesa de Idade pregunta aos Concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran. Estes maniféstanse no seguinte sentido:

- D. ENRIQUE ALVAREZ BARREIRO (PSOE): SI.
- Dna. MARIA JESUSA CANDAL JARRIN (PP): SI.
- D. JOSE PINTO ALVAREZ (A.V.): SI.

Procédese logo a proclamar os candidatos á Alcaldía do Concello.

#### **b) Elección do sistema de votación**

Despois da proclamación dos candidatos, o presidente da mesa invita os concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)  
-----

Avda. da Constitución nº 8  
Tf. 988300001  
Fax 988300268

entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) para elixir o Alcalde.

O artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que as votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas.

Serán ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención.

Serán secretas as que se realicen mediante unha papeleta que cada membro da corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

Elixido o sistema de votación ordinaria a man alzada, o Presidente da Mesa de Idade vai nomeando a cada un dos candidatos, que obteñen os seguintes votos a favor da súa candidatura:

- D. ENRIQUE ALVAREZ BARREIRO (PSOE): Nº DE VOTOS: **6**
- Dna. MARIA JESUSA CANDAL JARRIN (PP): Nº DE VOTOS: **2**
- D. JOSE PINTO ALVAREZ (A.V.): Nº DE VOTOS: **1**

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser o número de concelleiros 9 e a maioría absoluta 5, o presidente da mesa de idade procede, ás 10:14 horas, a proclamar Alcalde-Presidente da corporación a D. ENRIQUE ALVAREZ BARREIRO, cabeza de lista de PSOE.

**- TOMA DE POSESIÓN**

A continuación, de conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o novo Alcalde-Presidente procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal:

«Prometo pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vilamartín de Valdeorras, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».





**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

---

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

---

Despois de realizar o xuramento, o señor presidente da mesa faille entrega do bastón de mando, e D. Enrique Alvarez Barreiro pasa a ocupar a Presidencia da sala, polo que se disolverá a Mesa de Idade.

A continuación, o Alcalde-Presidente, toma a palabra e lee un pequeno discurso ós asistentes, o cal se transcribe literalmente:

*"Bos días a todos e todas,*

*O primeiro que vos debo e quera dicir é GRACIAS. Gracias pola vosa presenza hoxe aquí, gracias polas vosas mostras de apoio durante os 2 anos e pico que pasaron dende a moción de censura, e sobre todo GRACIAS de corazón pola confianza que amosastes neste equipo que formamos.*

*Gracias a os que unhas veces dando a cara e outras dende o anonimato loitastes por acadar o ideal de mellorar este concello.*

*E o meu recordo para aqueles que inda que xa non están entre nós, dalgún xeito presentes porque teñen un sitio nos nosos corazóns.*

*Debo dicirvos que me sinto orgulloso de formar parte dun concello que amosou dun xeito tan claro a súa madurez política e o súa valentía, que deixou atrás tanto os compadreas coma o medo ás ameazas e chantaxes e decidiu votar con responsabilidade.*

*Hoxe é o primeiro día de traballo desta corporación, e supoño que a exalcaldesa captou as nosas ganas de traballar e por iso convocou esta toma de posesión dúas horas antes que no resto de España.*

*Formamos un equipo que vai estar ao servizo do concello e do benestar común, non ó servizo duns poucos. Aínda que todos estaremos á vosa disposición, cada un de nós centrarase nunhas tarefas específicas:*

*Amparo, que se ocupará de educación e cultura, será a quen máis vexades no concello.*

*Eva vai ser a responsable da área de deporte e tempo libre.*

*Toño e Manuel estarán máis ó tanto dos problemas de medio ambiente e medio rural.*

*Pablo estará máis pendente dos temas relacionados con asuntos sociais, participación cidadá e sanidade.*

*Eu serei o enlace entre os pobos, o concello e as administracións e como a vez anterior estarei onde sexa necesaria a miña presenza para defender os intereses de todos os veciños e para facer valer a situación privilexiada do noso concello coma centro neuráxico de Valdeorras.*







**C O N C E L L O**  
**DE**  
**VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**  
(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8**  
**Tf. 988300001**  
**Fax 988300268**

*Espérannos catro anos duros, con moito traballo e con poucos recursos, dada a situación de endebedamento en que volve estar o concello. Con grandes problemas que afrontar como as elevadas multas que pesan sobre as casas e naves sancionadas, ou o levar a cabo os plans parciais das zonas industriais para que se poidan establecer nelas outras empresas,*

*ou o arreglo da estrada a San Vicente que precisan tanto os veciños coma as canteiras que exercen alía súa actividade, ou o frear o despoboamento que está a sufrir o noso concello, non hai máis que fixarse na redución do número de concelleiros dende fai catro anos para darse conta da cantidade de habitantes que se perderon.*

*Quero tenderlle a man ós concelleiros do PP e de Alternativa Veciñal, xa que todos representamos, á marxe dos partidos, a este concello e traballando xuntos conseguiremos máis facilmente as cousas que sabemos que son necesarias.*


*Son moitos os retos ós que nos enfrontamos pero contamos cun valiosísimo capital humano, vós, o pobo, os que decidistes que nos queredes como representantes vosos.*

*Solo podemos prometervos esforzo, honestidade, transparencia e ilusión. Algúns estaredes de acordo coas nosas decisións e a outros non lles gustaran tanto, pero tede por seguro que sexan as que sexan buscarán sempre o ben común.*

*Hoxe é a toma de posesión dun novo alcalde e dunha nova corporación, pero é tamén a toma de posesión dun novo concello no que todos irnos tomar parte, porque o concello somos todos.*

*Moitas Gracias."*

Seguidamente, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 10:22 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
  
Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

O SECRETARIO-INTERVENTOR  
  
Asdo.: Rodrigo Blanco Novoa